

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 07/03/2015.**

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muiño.
Secretario:
D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e cincuenta minutos do día sete de marzo de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día trece de febreiro do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. TOMA DE COÑECEMENTO DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2014.

Dase conta polo Sr. Alcalde de que non foi posible incorporar ó expediente o informe de que se trata, polo que se retira o asunto da Orde do Día da presente sesión.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 02/2015.

Dase conta polo Sr. Alcalde do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 02/2015, da modalidade de créditos extraordinarios financiados mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas, concretamente do capítulo 6 ó 2, no que constan os informes favorables esixidos pola Lei. O expediente ven motivado pola necesidade de dar cumprimento a unha sentenza xudicial firme que impón a demolición dunha vivenda unifamiliar, e coa consignación resultante, realizaranse as obras comprendidas no proxecto correspondente, xa aprobado polo Concello.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

As altas en aplicacións ou partidas de Gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
150-22799	0,00 (no existe)	94.405,82	94.405,82

As baixas en Partidas de Gastos detállanse tamén de seguido:

Partida: capítulo, artigo e concepto	Consignación actual	Baixa	Consignación resultante
453-60907	94.419,46	94.405,82	13,64

O Sr. Alcalde comeza agradecendo a súa presenza ás persoas que acudiron á concentración convocada antes deste Pleno para amosar a súa solidariedade. Di que esta é unha decisión que ningún goberno querría adoptar, pero que nun estado democrático non hai máis remedio que executar as sentencias xudiciais firmes. Expresa a solidariedade da Corporación coa familia afectada, que como consecuencia dun pleito entre particulares, poden quedar sen a súa casa, que é un ben básico e un dereito fundamental. Non se trata dun caso de especulación urbanística, senon dunha licenza mal concedida polo Concello segundo o Xulgado, e anulada. Lamenta ter que utilizar os recursos do Concello para demoler unha vivenda, en lugar de para defender os intereses da cidadanía, e anuncia que se esixirán as responsabilidades que poidan existir para evitar perxudicar economicamente ó Concello. Reitera que se trata dunha situación moi difícil para o Alcalde e para o goberno municipal, pero non hai elección, e da lectura a un parágrafo da comunicación remitida nese sentido polo Xulgado, na que se advirte da posible imposición de multas coercitivas ó Alcalde, ademais das responsabilidades penais nas que podería incurrir.

Interven o Sr. López Loureiro, manifestando a postura do seu grupo, contraria á proposta, porque hai apenas dous meses que se aprobou o presuposto sen consignar cantidade algunha para esta execución, a pesar de que nun dos informes dese expediente indicábase que non existía consignación para esta actuación. Ademais, hai arredor de ano e medio, respostando a preguntas da oposición, o Alcalde dixo que o asesor xurídico contratado polo BNG, co que xa se asinaron contratos por preto de corenta mil euros, ocuparíase de resolver este asunto, pero despois de case oito anos de goberno do BNG, aínda non se resolveu nada.

O Sr. Márquez interven de seguido manifestando o seu desacordo coa proposta, decindo que a situación é dramática e vergoñenta para o Concello e para os propietarios da edificación que debe demolerse, como consecuencia dunha xestión municipal pouco eficaz. Di que nos últimos catro anos o grupo de goberno non se dirixiu á oposición para tratar este tema, e que alomenos deberían ter feitas xuntanzas periódicas para informar da súa evolución. Insiste tamén no tema do asesor xurídico que segundo o manifestado polo Alcalde, resolvería este tema hai meses, porque xa estaba case listo. Remata decindo que o Alcalde debería reflexionar sobre se debe dimitir, e que el sería o primeiro en facer o mesmo.

O Sr. Alcalde resposta que deixa moito que desexar utilizar estes temas tan dramáticos para facer demaxoxia, e fai de seguido un breve repaso á historia deste asunto para manifestar que, tendo en conta as datas dos seus feitos relevantes, non ten sentido tratar de culpar ó actual grupo de goberno nin tampouco se trata de culpar ó Sr. Márquez, que gobernou ata o 2011, nin ós anteriores gobernos municipais, pero será un xuíz quen determinará as oportunas responsabilidades canda demolición estea feita, e mentres tanto non se pode desacatar a xustiza. En canto ó dito polo Sr. López Loureiro, di que o presuposto aprobouse en decembro de 2014 e a comunicación do xulgado antes indicada é de xaneiro deste ano, e que a quen intente obter un beneficio político deste tema por estar en ano electoral lle pode custar caro. En canto ó asesor xurídico, di que ata agora o asunto foi levado pola asesoría xurídica da Deputación, e que o asesor leva máis temas, como o da reclamación contra a cláusula SWAP vinculada a un crédito xa cancelado, que é unha estafa contra a que hai que defenderse. Di que non dimitirá, polo que non vai precisar acompañamento niso, e que certamente, agás o Sr. Varela e el mesmo, que xa eran concelleiros nas datas destes feitos, ninguén ten responsabilidade neles, e remata decindo que non quere tirar esa casa e que leva oito anos rtratando de evitalo.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con catro contrarios, dos do PP e o do PSOE, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 02/2015, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos trámites necesarios para a súa aplicación ó presuposto vixente.

CUARTO. MOCIÓN RELATIVA Á INCLUSIÓN DE CLÁUSULAS SOCIAIS NOS CONTRATOS DE OBRAS PÚBLICAS.

Dase conta da solicitude formulada pola Confederación Intersindical Galega, con data do 23/02/15, de participación no Pleno para expoñer as razóns dunha moción presentada con esa mesma data, relativa á inclusión de cláusulas sociais nos contratos de obras do sector público.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Visto o contido do artigo 57-3 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, o Sr. Alcalde autoriza a un representante desa Confederación para que expoña a proposta durante cinco minutos. Ese representante resume o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“É obriga das administracións públicas xogar un papel relevante na xeración de emprego e en mellorar os niveis de benestar dos/as administrados/as.

As administracións públicas, por medio da contratación de obras e servizos, interveñen directamente na dinamización da vida económica e social do país. A contratación de obra pública, máis alá da función instrumental para cubrir determinadas necesidades, debe contemplarse como posibilidade de mellora do emprego, da calidade do mesmo e como elemento activador das potencialidades económicas. Tamén teñen a obriga de velar para que os recursos públicos, que pertencen a toda a cidadanía, sexan usados de acordo coa legalidade e se impida facer uso fraudulento dos mesmos, mediante calquera práctica especulativa ou que conculque dereitos dos traballadores/as.

Así o recoñece a UE que no 2º considerando da Directiva 24/2014 manifesta que a contratación pública desempeña un papel clave na Estratexia Europea para un crecemento intelixente, sostible e integrador, polo que os contratantes deben mellorar a contratación pública en apoio de obxectivos sociais comúns.

Engade: “en aras dunha integración axeitada de requisitos medioambientais, sociais e laborais nos procedementos de licitación pública, resulta especialmente importante que os Estados membros e os poderes adxudicatarios tomen as medidas pertinentes para velar polo cumprimento das súas obrigas nos ámbitos do Dereito medioambiental, social e laboral, aplicables no lugar en que se realicen as obras ou se presten servizos, e derivadas das leis, regulamentos decretos e decisións..., así como dos convenios colectivos (37)” “As respectivas obrigas poderán incluírse en cláusulas contractuais. Tamén debe ser posible incluír cláusulas que garantan o cumprimento de convenios colectivos nos contratos públicos. O incumprimento das respectivas obrigas podería considerarse unha falta grave do operador económico, podendo carrexarlle a súa exclusión do procedemento da adxudicación dun contrato público(39)”



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

En relación coa necesidade de garantir o cumprimento das obrigas laborais, o “Proxecto de Lei de garantía de boa administración e calidade dos servizos da Xunta de Galicia tamén considera “incumprimento grave que xustificará a resolución do contrato a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras...”

A actual crise económica, a carencia de recursos e a desprotección social que padecen milleiros de persoas por mor das políticas impostas polos gobernos do estado e das comunidades autónomas, concrétese cunha dureza especial entre os traballadores da construción. Os datos son elocuentes: dende o ano 2007 destruíronse nesta actividade en Galicia 73.814 empregos, o 49,59% dos existentes, o que sitúa a milleiros de familias en situación dramática.

Estas cifras deberían obrigar a unha reacción das administracións públicas para que nas obras que contraten controlen con rigorosidade o cumprimento das xornada de traballo, prohibindo radicalmente a realización de horas extraordinarias.

A falta de actividade no sector leva a que a cada concurso público concorran infinidade de empresas, establecéndose unha feroz competencia por presentar ofertas anormalmente baixas que traen como consecuencia graves prexuízos para os traballadores das empresas que executan as obras, tanto coa rebaixa dos seus salarios como coa degradación galopante das súas condicións sociais e laborais. Na práctica resulta que se traballan máis horas das establecidas e cóbranse salarios inferiores aos pactados colectivamente. Esta situación é constantemente denunciada polos sindicatos do sector, en concreto pola FCM-CIG que, como medida de presión para evitar tanto abuso, chegou a paralizar as obras públicas máis importantes de Galicia (Aeropostos de Compostela e Vigo, Hospital e Auditorio de Vigo...). Máis explotación, peores condicións de seguridade e saúde e menores ingresos. Esta é a realidade que padecen os traballadores da construción que teñen acceso a un posto de traballo. A imposición de xornadas abusivas impide conseguir emprego a outros milleiros de parados e paradas.

Os excesos de xornada realizados, a maiores de ser unha estafa aos traballadores xa que a maioría das horas extras non se pagan, agochan unha importante bolsa de fraude a Facenda e a Seguridade social.

Pois ben, dende a Unión Europea tamén se contemplan estas situacións, xa que se establece que nas cláusulas de adxudicación poderán establecerse criterios que favorezan a contratación de parados de larga duración, ou doutros colectivos como persoas con discapacidade. Tamén se deberán ter en conta á hora da adxudicación a maior integración da muller no mercado laboral ou a conciliación do traballo e a vida familiar.

A respecto das ofertas anormalmente baixas, recomenda que si o licitador non pode xustificar a rebaixa da condicións de adxudicación poderá ser excluído do concurso. Tal exclusión será obrigatoria si se comproba que tal rebaixa implica incumprimento de das condicións sociais, laborais e medioambientais.

As sucesivas e interminables reformas laborais chapodaron de raíz innumerables dereitos dos traballadores, e dotaron aos empresarios dun poder case absoluto para variar as condicións laborais. A facilidade para despedir sen causa xustificada tamén recorta a capacidade de oposición dos traballadores/as que, en moitos casos, vense obrigados a aceptar condicións laborais de explotación extrema para poder sobrevivir e manter ás súas familias. Neste contexto son moitas as empresas que, co obxecto de poder acceder a determinados contratos, optan por rebaixar os salarios de xeito abusivo e fraudulento, o que



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

a maiores de prexudicar aos seus empregados ou empregadas, conculca claramente as condicións para a libre competencia.

A cadea de subcontratacións e outro elemento que contribúe a degradar as condicións sociais e laborais, xa que na maioría dos casos non existe un control por parte dos contratantes sobre as condicións en que se realizan os traballos, primando os baixos custes e o cumprimento dos prazos sobre o respecto aos dereitos sociais e laborais.

A obra pública está, a día de hoxe, baixo sospeita polos innumerables casos de corrupción asociados á mesma. E tamén polas malas prácticas empresariais. As administracións públicas, en lugar de desentenderse das condicións de traballo, teñen a obriga de ser exemplares, e tamén exemplarizantes, no cumprimento da lexislación nas obras executadas baixo a súa responsabilidade.

Non existen, por tanto, normas europeas, estatais ou autonómicas, que impidan a introdución de cláusulas de salvagarda de dereitos sociais e laborais nos pregos de procedementos de contratación. Pola contra existen recomendacións claras ao respecto.

A tal efecto, instase ao Pleno do Concello de San Sadurniño á adopción do seguinte ACORDO:

O Concello de San Sadurniño, incluírá nos procedementos de contratación de obras as seguintes cláusulas sociais:

1.- Este contrato suxeitarase ao cumprimento das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral e de Seguridade e Saúde no traballo. Inexcusablemente deberán aplicar como condicións mínimas as establecidas no Convenio Provincial da Construción vixente en cada momento na Provincia onde se realice a obra polo que a empresas que teñan modificado esta condicións (contratistas ou subcontratistas) serán automaticamente excluídas do acceso a contratos públicos. Resolverase o contrato daquelas empresas que, durante a realización da obra, opten por modificar ou inaplicar o Covenio Colectivo vixente en cada momento.

A empresa contratista deberá xustificar que as empresas subcontratistas tamén cumpren estas condicións. A entidade contratante comprobará a observación destes requisitos.

Estas condicións terán a consideración de obrigas contractuais de carácter esencial, polo que o seu incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

Tamén será motivo de resolución do contrato o incumprimento das obrigas salariais ou o retraso nos pagos aos traballadores das contratas ou subcontratas, comprometéndose nestes supostos a entidade contratante a atender de inmediato as débedas salariais.

2.- Primarán as empresas que realicen integramente a obra sen acudir a subcontratación ou que restrinxan esta ás actividades complementarias da obra en cuestión.

Terase en conta o número de traballadores fixos que prestan servizos na obra adxudicada.

Primarán, á hora de ser contratadas as empresas que, debendo recorrer á contratación de novos traballadores/as, contraten parados/as de longa duración inscritos nas oficinas do SEPE. Tamén se terá en conta o número de contratos para persoas con discapacidade sendo obrigatoria a introdución de cláusulas que garantan a conciliación do traballo e a vida familiar.

As empresas principais e subcontratadas estarán sometidas ao cumprimento dos requisitos esixibles no artigo 227 do TRLCSP (Texto refundido Lei Contratos Sector Público).

AS Administracións establecerán os mecanismos adecuados para a comprobación e control das condicións estipuladas no devandito artigo. Solicitarán en todo caso os requisitos que se establecen no segundo párrafo do artigo 228 bis do citado Real Decreto.

En relación co estipulado no apartado e) do artigo 227, non se poderán subcontratar por importes que superen o 40% da adxudicación.

A administración velará polo cumprimento puntual da empresa contratista coas súas subcontratas, podendo acordarse o pago directo ás mesmas en caso de retrasos dos mesmos por parte da empresa principal.

3.-Non poderán realizar traballos para a Administración contratante, nin como contratistas nin como subcontratistas, empresas que estean incursas en algún dos supostos contemplados no artigo 60 da TRLCSP, nomeadamente nos que se refiren a incumprimentos en materia laboral.

4.-Estableceranse cláusulas que garantan que a alza de custes que se poidan producir como resultado dos incrementos salariais producidos no Convenio Provincial da Construción serán asumidas pola empresa e non darán lugar á utilización dos mecanismos de modificación substancial das condicións de traballo.

Non se permitirá acudir a recrutar persoal en ETTs, segundo o establecido na normativa convencional do sector da construción.

4.-As empresas que traballen para a o Concello de San Sadurniño cumprirán as seguintes obrigas:

- A) Que dispoñen de infraestruturas e medios adecuados para levar a cabo a actividade contratada e exercer directamente a dirección dos traballos e non se teña producido a cesión ilegal de traballadores/as.*
- B) Que o seu persoal dispón da formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais.*
- C) Que dispón da organización preventiva axeitada*
- D) Que cumpre as obrigas en materia de seguridade e saúde.*
- E) Que dispoñen dun 30% de traballadores/as con contrato indefinido (Excluído o denominado contrato de emprendedores)*



F) Que está inscritos no REA

G) Non discriminar a traballadores/as que proveñan das oficinas de emprego por non estar en posesión das acreditacións formativas emitidas pola FLC (Fundación Laboral da Construción), e que acrediten a mesma formación emitida por outras entidades homologadas.

H) A Administración contratante comprobará que se cumpren os límites no réxime de contratación establecidos na Lei.

5.- Como medida do fomento do emprego está prohibida a realización de horas extras e os traballos en sábados, domingos, festivos e festivos de convenio.

6.- Consideraranse como desproporcionadas ou anormais as ofertas que sexan inferiores en máis dun 8% da media aritmética de todos os prezos das ofertas admitidas. Estableceranse mecanismos para valorar a idoneidade destas propostas. Serán excluídas as empresas nas que se comprobe que os custes salariais en función do número de traballadores/as e categorías profesionais, en relación coa duración da obra, non responde as condicións pactadas no Convenio Provincial.

7.- Estableceranse mecanismos de control de verificación de que se cumpren as condicións esixidas, así como das consecuencias xurídicas do incumprimento das mesmas, nomeadamente no relativo aos incumprimentos en materia de Seguridade e Saúde, (mecanismos de seguridade, vixilancia da saúde) ou obrigas salariais.

8.- Dado que a construción é xeradora de importantes económicas noutros sectores (cemento, pedra, madeira, transporte e outros materiais) que tamén están a padecer os efectos da crise económica, consideramos que tamén se debe valorar que as empresas que accedan a estes proxectos, contraten as subministracións e servizos con empresas da zoa.

9.- As organización sindicais máis representativas daráselles traslado do expediente de adxudicación, así como da relación das subcontratas que participarán na obra.

10.- As empresas permitirán o acceso á obras das e dos representantes das organización sindicais representativas do sector da Construción de Galicia para comprobar o grao de cumprimento das condicións laborais e de seguridade e saúde.

11.- O Concello de San Sadurniño creará Comisións de Seguimento para o estipulado en relación coa obra pública e na que participarán as organización sindicais máis representativas.”

O Sr. López Loureiro amosa a conformidade do seu grupo coa proposta, manifestando o seu desexo de que se poida cumprir. O Sr. Márquez di que estas medidas deberían ser aplicables non soamente nos contratos públicos, senon tamén nos das entidades privadas. O Sr. Soto di que todas estas medidas están nas leis, pero que outra cousa é ter vontade de aplicalas, e que os pregos que use o Concello, agás os da Deputación, que non permiten cambios, levarán estas cláusulas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a moción de que se trata.

QUINTO. APROBACIÓN DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O DÍA DA MULLER.

Dse lectura polo Sr. Alcalde a unha proposta do grupo de goberno de declaración institucional con motivo do día da muller, que literalmente di:

“No presente ano 2015 cúmprese o vixésimo aniversario da Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada en Beijing en 1995 e a cal deu lugar á Declaración e á Plataforma de Acción de Beijing, liderada por un programa ambicioso que perseguía promover os dereitos da muller a escala mundial.

O proceso de Beijing propiciou unha vontade política e social tendente a fomentar a igualdade en diversos ámbitos, entre outros, no acceso á educación e á saúde, na participación das mulleres no desenvolvemento económico e social e na loita contra a violencia de xénero. Todos eles esforzos comprometidos en percorrer sendeiros na procura de garantir a igualdade de oportunidades, a independencia e autonomía das mulleres e o seu acceso aos recursos produtivos e aos servizos públicos, sen esquecer ao colectivo feminino das zonas rurais, como “axentes vitais do desenvolvemento” tal e como se recolleu na citada Conferencia.

Dende entón, acadáronse avances substanciais que deron conta dos esforzos e da implicación de moitos colectivos. Agora ben, tal e como constata a organización das Nacións Unidas ONU Mulleres no marco da campaña de “ Beijing +20”, “ ningún país logrou acadar a igualdade de xénero en todas as dimensións da vida que prevía a plataforma”. A brecha salarial de xénero persiste como síntoma da desigualdade, diferenza que repunta en maior medida nestes anos de crise, e a violencia contra as mulleres continúa sendo unha lacra a erradicar.

Exemplo diso e que as dúas terceiras partes das persoas analfabetas son mulleres, cada ano morren no mundo máis de medio millón de mulleres como consecuencia do embarazo ou do parto, polo menos 2 millóns de nenas de entre 5 e 10 anos son vendidas e compradas no mundo como escravas sexuais, cada dúas horas unha muller e apuñalada, apedrada, estrangulada ou queimada e segundo o Banco Mundial, un 20% das mulleres sufriron malos tratos físicos ou agresións sexuais.

No ámbito laboral, como constatan os datos, a realidade salarial e as diversas formas de explotación que sofre a muller denotan todos os esforzos e logros que aínda é preciso consumir. En Galiza as mulleres teñen que traballar 80 días máis ca un home para percibir o mesmo soldo, para poder establecer un equilibrio salarial tería que incrementarse o da muller nun 31,88%. Cabe resaltar tamén que en Galiza e onde as mulleres perciben o soldo máis baixo no conxunto do Estado Español (14,38%). E preto de 60.000 mozas galegas tiveron que emigrar dende o comezo da crise.

É un compromiso de todas e todos que tentemos poder acadar as expectativas que hai 20 anos se crearon na Conferencia de Beijing e así conseguir a igualdade real entre mulleres e homes. É o noso compromiso formular e aplicar políticas e programas efectivos e eficaces con perspectiva de xénero e por a disposición os recursos precisos que contribúan a acadar a tan reclamada igualdade de dereitos entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos da sociedade.”

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez amosa a súa conformidade co contido desa proposta, pola necesidade de continuar a mellorar a dramática situación de moitas mulleres, sobre todo nos países en vías e desenvolvemento.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a declaración de que se trata.

SEXTO. MOCIÓN DO PP RELATIVA A PROMOVER MEDIDAS DIRIXIDAS A MELLORAR A SITUACIÓN DA MULLER NO DEPORTE.

Toma a palabra o Sr. López Loureiro, para ler a moción de que se trata, que literalmente di:

“O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN relativa a promover medidas dirixidas a mellorar a situación da muller no deporte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resultan evidentes os avances sociais das mulleres en todos os ámbitos, pero a pesar da aparente igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, existen aínda obstáculos que dificultan a igualdade efectiva. O deporte, como actividade plenamente integrada na nosa sociedade, non é alleo a esta realidade.

A incorporación das mulleres ao deporte a nivel internacional e nacional, foi un proceso lento e custoso que aínda nos nosos días non está plenamente consolidado, en moitos casos, segue sendo un ámbito limitado á muller e xa non só a nivel de práctica ou de participación en competicións, senón tamén de representatividade nas diferentes estruturas deportivas, visibilización nos medios de comunicación, etc. Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de San Sadurniño eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1. Por en marcha programas de dinamización da participación feminina nas actividades deportivas do concello, en todas as idades, para impedir o abandono da actividade deportiva nas idades máis novas e para fomentar a práctica de deportiva idade adulta e entre as mulleres maiores, tanto nas escolas deportivas municipais como nos clubs subvencionados polo Concello.*
- 2. Incorporar nos programas públicos municipais de desenvolvemento do deporte o principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución.*

3. *Instar á Xunta de Galicia a:*

- *Elaborar un Protocolo para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso e abuso sexual no deporte.*
- *Establecer un marco de colaboración institucional en materia deportiva que vele pola Igualdade de trato e non discriminación da muller, así como a promoción do deporte feminino nos distintos concellos galegos.*
- *Promover a visibilización do deporte feminino, impulsando campañas de sensibilización e promoción, eliminando os estereotipos en colaboración coa FEGAMP.*
- *Potenciar o deporte feminino a través de medidas concretas nas políticas de fomento desenvolvidas no ámbito dos axentes deportivos que coadxuven neste obxectivo.”*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez amosa a súa conformidade coa proposta, xa que aborda outro aspecto da mesma declaración aprobada no punto anterior.

O Sr. Soto tamén manifesta o acordo do seu grupo coa proposta, indicando que neste Concello xa se están a realizar as propostas dos dous primeiros puntos da moción, que corresponden a previsións recollidas no vixente II Plan de Igualdade e a criterios de valoración de solicitudes de subvención para actividades deportivas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a moción de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á PRESCRICIÓN DOS FÁRMACOS DE ÚLTIMA XERACIÓN A PERSOAS DOENTES DA HEPATITE C.

O Sr. Alcalde di que antes da votación deste asunto, accederase ó solicitado por representantes da plataforma de afectados por esta doenza, permitíndolles unha breve intervención para explicar as súas demandas. O Sr. Soto le de seguido a moción de que se trata, presentada no rexistro con data do 25/02/15 e que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado español.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Até recentemente os medios de tratamento dispoñíbeis producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados. Como consecuencia, na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C, que non están sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA) aprobar, a principios do ano 2014, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que @s facultativ@s o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrecentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. *Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais.*

2. *Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.*
3. *Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellaría de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego."*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro manifesta a plena conformidade do grupo do PP coa proposta, solicitando que se inste á Consellaría de Sanidade e non ó Goberno da Xunta a adoptar as medidas indicadas na parte dispositiva da moción. O Sr. Alcalde di que o seu grupo acepta a pequena modificación solicitada polo portavoz do PP, que non afecta ó fondo da cuestión. O Sr. Márquez tamén está de acordo coa moción, calificando de vergoña que se prantexe valorar máis un aforro de custes que a vida de moitas persoas, polo que entende que debe haber unidade nesta demanda.

Interven de seguido unha representante da plataforma de afectados pola hepatite C para explicar as características desta doenza e a merma que supón na calidade de vida das preto de 50.000 persoas que a padecen, ademáis do risco certo de morte que afrontan moitos deles. Transmite a esixencia do colectivo de que se poñan os fármacos necesarios a disposición de tódalas persoas enfermas, xa que é unha medicación que no existía hai anos, ten unha efectividade do 98% e non ten efectos secundarios coñecidos. Remata decindo que aínda están agardando que a Xunta responde ás súas demandas, como xa fixera a Casa Real. Outro membro do colectivo interven brevemente de seguido para expoñer a súa experiencia persoal, con dous trasplantes de fígado e un retraso dun ano no acceso ó novo tratamento, que xa lle foi concedido, incidindo especialmente no aforro de custes que suporía facilitar os fármacos ós doentes en relación co custe dun trasplante.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.
Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,